

Xoves 23 de abril de 2020

**BOS DÍAS!**

## **1-Calendario**

## **2.-TRABALLO NA LIBRETA: LINGUA GALEGA.**

### **Empezamos a unidade 8.**

**Páxina 149:** observades a fotografía .Si podedes abrir a aula virtual pinchades enriba e sairán as precipitacións.

### **CHUVIA,NEVE E SARAIBA.**

**Páxina 150:** observades a lámina copiade as preguntas e contestádeas na libreta.

*Norma ortográfica: fíxate en galego o signo de interrogación só se pon ao final.*

1-Todos teñen paraugas?

2-Como se protexe da chuvia a xente que non ten paraugas?

3-Como te protexes ti da chuvia?

4-Que pode pasar se non nos protexemos?

**Recorda contestar cunha oración.**

**Exemplo: Cantas persoas levan paraugas?**

**Levan paraugas cinco persoas.**

Páxina 151:**NON fagades os exercicios 1,2,3,e 4 .**

Copiades na libreta as palabras da marxe esquerda:

**CHUVASQUEIRO, PARAUGAS, POZA, NUBES, CHUVIA e RELAMPO**

**E facedes na libreta unha oración en galego con cada unha delas.**

### **3.-CIENCIAS SOCIAIS**

**Empezamos unidade 5: O SOL, A TERRA E A LÚA**

Na aula virtual abrides o libro na unidade 8, e na marxe esquerda en **RECURSOS** vedes

-A observación do ceo.

-O sistema solar.

Ledes con atención as páxinas 70 e 71 e facedes os exercicios do libro.

### **4-OUTRAS ACTIVIDADES**

En BIBLIOSINDE tedes actividades [bibliosinde@gmail.com](mailto:bibliosinde@gmail.com)

Na páxina principal tedes enlace a Educación Física e Orientación.

### **ASAMBLEA**

Hoxe esperamos os traballos de ROBERTO,BRENDA,LUCAS E IRENE.

**GRACIAS POLA VOSA PARTICIPACIÓN .**

**ATA MAÑÁ!**

